

boletín do cesg

Colexio de
Educadores Sociais
de Galicia

Nº30 MARZO 2006



Colexio de Educadores Sociais de Galicia

Rúa Gómez Ulla, 7-3º
15702 Santiago de Compostela
cesg@colexioeducadores.com

O traballo do CESH no ámbito estatal e internacional

Como é sabido o CESH está integrado en ASEDES (Asociación Estatal de Educación Social) onde conflúen os intereses de todos os colexios e asociacións de educadores/as sociais do Estado e Organización que ten a nosa representación internacional na AIEJI (Asociación Internacional de Educadores Sociais)

Para nós é moi importante a nosa participación activa no traballo estatal e polo tanto internacional, dada a importancia dos temas que se tratan neste ámbito e a repercusión na nosa profesión. Apostamos tamén fortemente pola colaboración con outros colexios ou territorios que están na procura dos seus órganos colexiais.

A nosa participación o ano pasado, ademais da colaboración en actividades concretas (reforma da Lei de responsabilidade penal dos menores, Lei Orgánica de Educación,...) centrouse nas Comisións de Situación Profesional (coordinada pola Vicepresidencia do CESH) e na de *Consejo General de Colegios de Educadores y Educadoras Sociales* (coordinada pola Presidencia do CESH).

No mes de febreiro deste ano celebrouse en Valladolid a Asemblea Xeral de ASEDES onde a presenza do CESH foi importante, como segundo colexio do Estado e por ter unha gran representación dado o noso número de colexiados/as.

Nesta Asemblea, aprobáronse as memorias e estado de contas do pasado ano, onde se reflectiron as actuacións a nivel estatal e internacional así como o destino das cotas que todos (incluído o CESH) sufragamos ao Estatal.

Tamén aprobamos os obxectivos xerais do plan de traballo de ASEDES para este ano que van na liña de apoiar á nosa profesión, á creación de colexios en todos os territorios do Estado e á consecución do *Consejo General de Colegios de Educadores y Educadoras Sociales del Estado*.

Estes obxectivos plásmanse no traballo das diferentes comisións nas que participan representantes de todos os territorios.

Para este ano continuarán funcionando as seguintes comisións:

- **Consejo General de Colegios de Educadores y Educadoras Sociales del Estado.**- Coordinada polo CESH e co obxectivo de lograr este órgano estatal.
- **Condicións profesionais e sociolaborais.**- Coordinada polo CESH e co obxectivo de coñecer as condicións sociolaborais e establecer estratexias de acción común.
- **Comisión de definición, funcións e competencias.**- Co obxectivo de elaborar un documento de funcións e competencias e dar a coñecer a definición de Educador/a Social.
- **Comisión de Código Deontolóxico.**- Coa función de difundir o noso código, debatelo e consensuar un novo documento.
- **Relacións internacionais.**- Co obxectivo de participar no asociacionismo e procesos internacionais. Este ámbito está delegado no Col·legi d'Educadores i Educadors Socials de Catalunya (CEESC).
- **Comunicación.**- Cos obxectivos de promover a comunicación externa e interna de ASEDES e o mantemento do portal www.eduso.net.

No referente ao traballo das comisións, estableceuse un debate sobre a situación da solicitude do *Consejo General de Colegios de Educadoras y Educadores Sociales* e as actuacións a levar a cabo para o seu impulso. Traballamos sobre o documento de Código deontolóxico e sobre o Catálogo de Funcións e Competencias, acordando debater estes documentos a nivel autonómico. Respecto a este último tema, se estades interesados en participar neste debate podedes poñervos en contacto co Colexio.

En canto á nova situación da nosa formación universitaria e a súa converxencia europea, acordouse establecer negociación co Ministerio de Educación cara a concretar cómo se plasmaría o novo título de grado.

Na Asemblea aprobouse tamén o orzamento para o próximo ano, a suba das cotas para o 2007 (o que suporá un importante esforzo do noso Colexio para contribuír ao Estatal).

Case que por último tratamos a situación do Próximo Congreso Estatal (recordamos que o último foi organizado polo CESH en Santiago de Compostela) que se celebrará en Toledo en setembro de 2007 (comezade a facer os vosos plans) e que terá un congreso virtual para que poidamos comezar a participar (informarémovos no seu momento).

A Asemblea rematou dando a noraboa aos novos colexios de Andalucía (COPESA) e Aragón (CEES Aragón) (xa somos dez) así como dando a benvinda aos compañeiros e compañeiras do Colexio de Euskadi (GHEE-CEESPV) que se integran en ASEDES.

Como vedes son moitos e moi importantes os temas que se levan dende o ámbito estatal, por iso o noso Colexio aposta por seguir tendo unha participación importante nas organizacións estatais e por continuar loitando polo recoñecemento profesional en todo o Estado Español.

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- ✓ Envío de escritos a D^a Amparo Valcarce García -Secretaria Xeral de Estado de Servicios Sociais, Familia e Discapacidade do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais-, D^a María Dolores Carrión Martín -Subsecretaria de Administracións Públicas do Ministerio de Administracións Públicas- e D. Alejandro Tiana Ferrer -Secretario Xeral de Educación do Ministerio de Educación e Ciencia-, co obxecto de solicitar o impulso da creación do *Consejo General de Colegios de Educadores y Educadoras Sociales del Estado*, así como que nos manteñan informados das xestións que realicen a tal efecto.
- ✓ Envío de escrito ao Presidente da Xunta de Galicia, Excmo. Sr. D. Emilio Pérez Touriño, para solicitarlle unha entrevista persoal co fin de presentarlle o colexio e expoñerlle a situación da nosa profesión.
- ✓ Reunión con D^a Mar Barcón Sánchez, Secretaria de Política Social do PSdeG-PSOE, co fin de solicitar o seu apoio para o impulso da creación do *Consejo General de Colegios de Educadores y Educadoras Sociales del Estado*.
- ✓ Envío de escritos a D^a M^a do Carme Adán Villamarín, Secretaria Xeral de Igualdade, para solicitar información acerca do estado actual das listas de Mediadores Familiares, sobre a súa intención de darlle continuidade na actual lexislatura e de subvencionar a formación nesta materia.
- ✓ Envío de escrito a D^a Marta Iglesias Bueno, Concelleira de Participación Cidadá, Benestar Social e Réxime Interior do Concello de Vigo, para solicitar novamente a inclusión do CESG no Consello de Servizos Sociais do Concello de Vigo ou órganos consultivos análogos.
- ✓ Asistencia á Xornada Técnica "A Xestión dos Servizos Sociais: retos de futuro", que tivo lugar o día 3 de marzo, organizada pola Secretaría Xeral de Benestar, na que se fixo unha análise comparada de leis e institutos de servizos sociais doutras comunidades autónomas para avanzar cara a dispoñibilidade dun borrador de anteproxecto de lei de servizos sociais e modelo de instituto de xestión.
- ✓ Organización da presentación do Código Deontolóxico do Educador e a Educadora Social nas tres universidades galegas, a través da conferencia "Reflexión ética da Educación Social", a cargo de D^a Araceli Lázaro Aparicio e D. Iñaki Rodríguez Cueto, membros da comisión de Código Deontolóxico de ASEDES.
- ✓ Xestións para a organización da Escola de Primavera, prevista para o próximo mes de maio.
- ✓ Tramitación e envío de solicitudes de habilitación ao Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Andalucía (COPESA) e Castilla e León (CEESCyL), así como primeiras xestións na tramitación de habilitacións polo Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Aragón (CEES Aragón)
- ✓ Envío de escrito ao Concello de Ourense en relación á convocatoria das prazas de "coordinador de programas educativos", "coordinador de programas de xuventude" e "mediador xitano", convocadas no BOP de Ourense de 25 de febreiro, indicando que a titulación axeitada para o desenvolvemento correcto das funcións propias desas prazas sería a de educación social.
- ✓ Envío de escrito á Deputación Provincial de Ourense, en relación á convocatoria de prazas de "docente" para o programa europeo de emprego feminino, convocadas na web da UPD da Deputación (<http://upd.depourense.es>), para as que non se incluía a titulación de educación social como titulación de acceso sen necesidade de formación complementaria. Como resposta, indicáronnos que esta cuestión responde a un erro, xa que a titulación de educador social sería axeitada para certos módulos formativos a impartir. Polo tanto, indican que a titulación de Educador/a Social acéptase como titulación de acceso ás prazas.
- ✓ Acordo da Xunta de Goberno do CESG de interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución do alcalde do Concello de Carballiño de 2 de marzo desestimatoria do recurso de reposición interposto polo CESG contra as bases para a contratación dun/dunha diplomado/a en Educación Social para o Programa de Educación Familiar, publicadas no Xornal La Región de data 28 de Xaneiro de 2006.
- ✓ Acordo da Xunta de Goberno do CESG de interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución 55/2006 da Alcaldía-Presidencia do Concello de Cabanas de 22 de febreiro desestimatoria do recurso de reposición interposto polo CESG contra as bases para a provisión mediante contratación laboral por obra ou servizo determinado dunha praza de Educador Familiar, publicadas no BOP de A Coruña de 22 de decembro de 2005.
- ✓ Acordo da Xunta de Goberno do CESG de interpoñer recurso contencioso-administrativo contra o Decreto 186/2006, de 20 de febreiro, dictado polo alcalde do Concello de Sada desestimatorio do recurso de reposición interposto polo CESG contra as bases xerais e específicas que rexerán a convocatoria de probas selectivas para a provisión de prazas vacantes incluídas na oferta de emprego público para 2005.

NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CESG

- "Boletín Aldizkaria" N^o 126. Xaneiro 2006. Centro de Documentación de Drogodependencias.
- "Boletín Aldizkaria" N^o 127. Febreiro 2006. Centro de Documentación de Drogodependencias.
- "Boletín Xove de Información e Emprego Xuvenil". N^o 142. Marzo 2006. Xunta de Galicia.
- Revista Galega de Educación. N^o 34. Decembro 2005. Nova Escola Galega.
- Revista "Perfiles. Revista general de política social" N^o 218. Marzo 2006. ONCE.
- *Guía para personas mayores y familiares. Uso de sujeciones físicas y químicas con personas mayores y enfermos de alzheimer*. Confederación Española de Organizaciones de Mayores (CEOMA) e Fundación Iberdrola.
- Xornal "EM. Entre Mayores. Hablamos de tí". Ano 6. N^o 55. Marzo de 2006.
- Revista do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais "Asuntos Sociales", N^o 60. Monográfico sobre persoas en situación de dependencia.
- Revista "Espai Social", N^o 3 - II época. Col·legi d'Educadores i Educadors Socials de la Comunitat Valenciana.

ARTIGO DE INTERESE

Educador/a / Profesor/a especial

Baixo a denominación "Educador/a / Profesor/a especial" encádranse as prazas da Administración autonómica galega correspondentes ao exercicio da Educación Social. Como ben sabedes, o CESG, dende o comezo da súa actividade, intenta, a través de multitude de escritos, documentos xustificativos e reunións con diversos cargos políticos e sindicais, crear unha categoría única no Convenio Colectivo de persoal laboral da Xunta, que se denomine "Educador/a Social" e que esixa como única titulación de acceso a diplomatura en Educación Social ou habilitación do CESG.

Recentemente publicáronse as bases de convocatoria destas prazas, 17 por acceso libre e 17 por promoción interna e cambio de categoría (DOG n^o 57 de 22 de marzo), que estarán destinadas maioritariamente en centros de menores, aínda que tamén existen algunhas vacantes nas delegacións provinciais das Consellerías (ou da Vicepresidencia), nos xulgados e nos centros de educación especial. Hai que ter en conta que estas vacantes poden ser ocupadas anteriormente ao proceso selectivo por concursos de traslados de persoal.

Dende o CESG estanse a estudar as medidas a tomar tras a recente convocatoria destas prazas, para as que se admiten como titulación de acceso outras distintas á de Educación Social.

As bases da convocatoria poden ser consultadas na nosa web www.colexioeducadores.com, ata o remate do prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso selectivo.

FORMACIÓN CONTINUA

XX ENCONTRO GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORES POLA PAZ

Organiza: Asociación Galego-Portuguesa de Educación para a Paz (AGAPPAZ); Educadores/as pola Paz-Nova Escola Galega; Dpto. de Pedagogía e Didáctica da Universidade da Coruña; Movemento dos Educadores pola Paz de Portugal (MEP)

Lugar: Lugo. Hotel Torre de Núñez. Estrada Nacional VI, km. 497.

Datas: do 28 ao 30 de abril.

Información: Nova Escola Galega
Rúa Betanzos, 1 - 1º, 15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 56 25 77

CONGRESO DE SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS

Organiza: Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)

Lugar: Palacio de Congresos de A Coruña.

Datas: 3, 4 e 5 de maio.

Información: Federación Española de Municipios e Provincias.
Departamento de Servizos Sociais
Tlf.: 91 364 37 00
Fax: 91 365 54 82

FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADOS/AS

I.S. INTERVENCIÓN SOCIAL (Cursos a distancia)

- 1) **CURSO BÁSICO DE INTERV. SOCIOLABORAL** (100 h.)
Especialidades: INMIGRANTES, MULLERES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE. (30 h. c/u)

Prezos das especialidades:	1 especialid.	3 especialid.	Aplicaráselles un desconto do 10% aos/as colexiados/as do CESG.
Soporte papel	90 €	200 €	
Soporte CD-ROM	70 €	150 €	
Soporte Web	50 €	100 €	

- 2) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MAIORES** (125 h.)
3) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MENORES** (125 h.)
4) **CURSO DE ADOPCIÓNS E ACOLEMENTOS** (125 h.)
5) **CURSO DE VIOLENCIA SOBRE MULLERES: ASPECTOS PSICOSOCIAIS E XURÍDICOS** (100 h.)
6) **CURSO DE MEDIACIÓN FAMILIAR E INTERXERACIONAL** (125 h.)

Organiza: I.S. Intervención Social

Prezo:	Curso 1 (sen esp.)	Cursos 2, 3 e 4	Curso 5	Curso 6
Soporte papel	180 €	240 € c/u	200 €	250 €
Soporte CD-ROM	160 €	220 € c/u	180 €	230 €
Soporte Web	140 €	200 € c/u	150 €	200 €

Aplicaráselles un **desconto do 10%** aos/as colexiados/as do CESG.

Información: I.S. Intervención Social
C/ Peñalara, 15, baixo esq. 41005 Sevilla.
Tel.: 954 933807 Fax: 954 933808
formacion@intervencionsocial.com www.intervencionsocial.com

NOVAS DOS BOLETINS

EMPREGO

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia. (DOG de 9 de marzo)

Concello de Lalín (Pontevedra): Anuncio de modificación das bases de convocatoria dunha praza de Técnico en Cultura, nas que se admite a habilitación profesional do Colexio de Educadores Sociais de Galicia para participar no proceso selectivo. (BOP de Pontevedra de 13 de marzo). (En execución da sentenza xudicial resultado do recurso contencioso-administrativo interposto polo CESG)

Concello de Nigrán (Pontevedra): Anuncio de modificación da base cuarta da convocatoria dunha praza de Educador/a Familiar, pola que se admite a habilitación profesional do Colexio de Educadores Sociais de Galicia para participar no proceso selectivo. Apertura de novo prazo de presentación de solicitudes. (BOP de Pontevedra de 21 de marzo)

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Orde pola que se convoca proceso selectivo para o acceso a categorías correspondentes ao grupo II do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia. 34 prazas de educador/a / profesor/a especial (17 por promoción interna e 17 de acceso libre) (DOG de 22 de marzo)

Concello de Laxe (A Coruña): Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de "Técnico de Intervención Familiar". Este anuncio abre o prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso selectivo. (BOE de 25 de marzo)

OUTROS

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se establecen axudas individuais para o tratamento de dorogodependencias en comunidades terapéuticas e se procede á súa convocatoria. (DOG de 3 de marzo)

Deputación de Pontevedra: Anuncio das bases de axudas para asociacións de mulleres sen fins de lucro. Ano 2006. (BOP de Pontevedra de 6 de marzo)

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia para a realización de programas de apoio a familias en situacións especiais. (BOE de 7 de marzo)

Deputación de Pontevedra: Anuncio das bases de subvencións de apoio á cultura, dirixidas a entidades para actividades e investimentos. Ano 2006. (BOP de Pontevedra de 9 de marzo)

Ministerio de Educación e Ciencia: Orde pola que se convocan subvencións a entidades privadas, sen fins de lucro, para a realización de actividades de compensación educativa durante o curso escolar 2006-2007. (BOE de 9 de marzo)

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia para a realización de programas experimentais de prevención en situación de risco e tratamento de familias nas que se producen malos tratos. (BOE de 13 de marzo)

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria. (DOG de 15 de marzo)

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que dispón a concesión de axudas a persoas físicas e xurídicas por razón de interese social ou humanitario. (DOG de 15 de marzo)

OUTRAS CONVOCATORIAS

OFERTAS DE EMPREGO DE

Oferta Nº: 955259 **Localidade:** Santiago de Compostela **Provincia:** A Coruña.

Posto ofertado: Educador/a Familiar. Para realizar tarefas de apoio escolar e hixiene, orientación laboral, etc. Nunha casa de acollida de nenos. Traballo a xornada completa.


Oferta Nº: 955355 **Localidade:** Ourense **Provincia:** Ourense.

Posto ofertado: Animador/a de ocio e tempo libre. Empresa de animación precisa persoal para traballar en festas infantís e campamentos. Con coñecementos de actividades lúdicas. Necesaria experiencia mínima de 6 meses. Con carné de conducir B e vehículo propio.

Para informarse sobre estas ofertas:

www.cimoemplego.com, ou chamando ao 988391525 ou 902116039.

Subvenciona:



Coa colaboración de:

